



Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia

MEMORIA DE ACTIVIDADES -2020-

COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA

ÍNDICE DE CONTIDOS

- 1. PRESENTACIÓN**
- 2. ESTRUCTURA DO COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL (COTSG)**
 - 2.1. Xunta de Goberno
 - 2.2. Equipo técnico
 - 2.3. Persoas colexiadas
- 3. COMISIÓNS E GRUPOS DE TRABALLO**
- 4. EIXES ESTRATÉXICOS DE ACCIÓN**
 - 4.1. Medidas adoptadas pola COVID-19
 - 4.2. Defensa da profesión
 - 4.3. Representación da profesión – relacións institucionais
 - 4.4. Área de coñecemento
 - a. Cursos realizados
 - b. Encontros virtuais
 - c. Xornadas / Congresos
 - d. Fervenzas
 - e. Investigación
 - 4.5. Comunicación
- 5. PREMIOS E CELEBRACIÓNS**
- 6. CONVENIOS DE COLABORACIÓN**
- 7. AXUDAS RECIBIDAS**
- 8. SERVIZOS COLEXIAIS**
 - 8.1. Por que colexiarse?
 - 8.2. Asesorías
 - 8.3. Tecnoloxía
 - 8.4. Biblioteca

1. PRESENTACIÓN



A presente memoria pon en valor as accións realizadas polo Colexio profesional na loita da **defensa da profesión** e de todas as persoas e familias.

Por desgraza, a presentación da memoria do 2020 está marcada pola actual situación de emerxencia sanitaria e socio-económica que estamos a sufrir por mor da **COVID-19**. Neste senso, queremos resaltar que durante o tempo de confinamento do Estado de Alarma e ao longo dos meses posteriores, as e os profesionais do Traballo Social enfrontáronse a situacións de urxencia, de extrema necesidade e de escaseza por parte da poboación que precisaron unha intervención de urxencia social.

A importancia e necesidade do persoal técnico dos Servizos Sociais dentro da crise de emerxencia sanitaria na que nos atopamos, foi plenamente confirmada pola publicación no Boletín Oficial

do Estado o pasado día 26 de marzo de 2020 da Orde SND/295/2020 pola que se adoptan medidas en materia de recursos humanos no ámbito dos servizos sociais ante a situación de crise ocasionada pola COVID-19. A Orde declara aos **Servizos Sociais como esenciais en todo o territorio nacional, como medida para protexer o benestar, a saúde e a seguridade da cidadanía na loita contra a COVID-19**.

Entendendo por servizos esenciais os necesarios para o mantemento das funcións sociais básicas: a saúde, a seguridade, o benestar social e económico da cidadanía e o eficaz funcionamento das institucións do Estado e as Administracións Públicas.

Neste momento de crise, o Traballo Social convértese en servizos esenciais e todos os poderes públicos deben dar resposta rápida e unha pronta actuación no eido social co fin de afrontar as necesidades xeradas ante esta situación e, garantir a

prestación duns servizos públicos de calidade sobre a base de proximidade, a eficiencia, a eficacia e transparencia a toda a cidadanía.

Por tal motivo, atopamos un novo escenario tinguido de pandemia e de crise social no que as persoas e familias máis vulnerables serán as/os máis prexudicadas/os polas consecuencias económicas e sociais que se están a producir. O **Colexio Oficial de Traballo Social** estivo e está preparado para soste e fortalecer os nosos sistemas de protección social para salientar situacións de vulnerabilidade ou protección social.

Asumimos a responsabilidade e o compromiso de impulsar proxectos para fortalecer a estrutura da profesión e da sociedade, avanzando cara unha sociedade máis xusta, equitativa e igualitaria

Miriam Rodríguez
Presidenta do COTSG

2. ESTRUCTURA DO COTSG

2.1 XUNTA DE GOBERNO

Organismo directivo do Colexio. A súa composición é a que segue:



2.2 EQUIPO TÉCNICO



Susana Neo

Auxiliar Administrativa no Departamento de Administración desde 2000.



Aquilino Rei Santiago

Integrante do departamento de Administración do Colexio desde 1997.



Nerea Fernández

Traballadora social. Coordinadora do COTSG e da Quenda especializada en Violencia de Xénero de Galicia.



Fe Sampayo

Traballadora Social. Técnica do Departamento de Formación. Planifica e coordina a formación desde hai 5 anos.



Ana Fungueiriño

Traballadora social. Xestión do portal MATIASS, convenio coa Consellería de Política Social. Coordinadora de edición da Revista Fervenzas. Publicacións.



Emma Lamas

Traballadora social. Responsable da área de Defensa da Profesión e Grupos de Traballo do COTSG.



Julia Álvarez

Avogada. Asesoría Xurídica do Colexio. Asesoramento legal á colexiación no exercicio da profesión e soporte técnico xurídico ao equipo do COTSG.



Manuel Penido

Técnico do SIUSS. Ex docente na Escola Universitaria de Traballo Social de Santiago de Compostela. Formador de cursos SIUSS do Ministerio de Asuntos Sociales y Agenda 2030



Sara Torreiro Rodríguez

Técnica de comunicación. Xornalista especializada en comunicación, redes sociais e imaxe corporativa. Traballou no COTSG entre 2015 e 2021.

2.3 PERSOAS COLEXIADAS

Colexición obrigatoria.

Son fins esenciais dos colexios Oficiais:


- A a ordenación do exercicio das profesións.
- A representación institucional exclusiva.
- A defensa dos intereses profesionais das persoas colexiadas e dos intereses das persoas coas que traballamos en situación de vulnerabilidade.

A colexiación é OBRIGATORIA, sendo obrigado para o exercicio da profesión a incorporación a un colexio profesional. Consolidada unha colexiatura de máis de 3.000 persoas colexiadas, é o momento de instar a aqueles/as profesionais que non están colexiadas a que se colexien. Para isto, continuamos a visibilizar e a instar ás Administracións a obrigatoriedade da colexiación nas profesionais contratadas.

Altas e baixas durante 2020

O Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia rematou o ano 2020 contando cun total de 3.040 persoas colexiadas. Ao longo do ano producíronse 167 novas altas e 39 baixas. Supón un incremento do 4,39% na colexiación.

ALTAS (EN VERDE) E BAIXAS (EN VERMELLO) DURANTE 2020



3. COMISIÓNS E GRUPOS DE TRABALLO

As Comisións e Grupos de Traballo son un espazo das persoas colexiadas para colaborar, desenvolver, investigar e aportar traballo nunha área ou eido do Traballo Social, que permite avanzar na profesión, mellorar o coñecemento e dar visibilidade sobre a temática traballada.

3.1 COMISIÓNS

a. Comisión Deontolóxica

A Comisión deontolóxica é un órgano independente adscrito ao Colexio Oficial de Traballo Social que ten como finalidade promover o compromiso ético das/os profesionais do traballo social, así como velar polo cumprimento do Código Deontolóxico. Entre os seus fins está o de preservar os valores e os principios do Traballo social e garantir unha boa praxe profesional, así como promover a cultura e a formación na deontoloxía profesional.

- A Comisión Deontolóxica presentou e aprobou en Asemblea o Regulamento interno +([info](#)).
- Elaboración dun artigo para a Revista “Fervenzas”.
- Entrevista de Ana Vilar, responsable da Comisión, no Xornal Anual do COTSG.
- Xuntanzas mantidas: 2.

b. Comisión de Infancia e Familia

A comisión da Infancia créase en 2020 co obxectivo de elaborar unha diagnose con persoal experto respecto ás políticas sociais públicas de menores e familia na Comunidade Autónoma de Galicia. Neste senso, iniciouse a diagnose de necesidades e eivas detectadas.

- Xuntanzas mantidas: 2.

c. Comisión de SAF

Traballo desenvolto xunto ao Grupo de Traballo de SAF.

d. Comisión de Igualdade

Crease a Comisión técnica de Igualdade permanente como Órgano consultivo da mesma con persoal experto na materia e perfil técnico, que sume ás liñas de traballo plantexadas:

- Romper cos modelos sexistas e abrindo foros de reflexión cara un mundo feminista e sostible.
- Quenda de Garda Social en Violencia de Xénero.
- Traballo Social nos Centros de Información ás mulleres – Loita por mudar o Decreto.
- Figura do T.S nos Corpos de Seguridade nas Unidades de Familia e Violencia de xénero.
- Traballo Social nos Xulgados de xeito permanente e continuado.

3.2 GRUPOS DE TRABAJO

a.Traballo Social en Educación



Campaña en Redes:
Que aporta o Traballo Social ao Sistema educativo?

- Solicitase á Consellería de Educación que teña en conta a **parte social do Alumnado na planificación de volta ás aulas** ([+info](#)).
- Reunión coas ANPAS galegas para visibilizar a necesidade da figura do Traballo Social nos centros educativos.
- Reunión coa Plataforma DERPA, Dereito á Ensinanza sen risco de pandemia.
- Reunión cos Grupos parlamentarios coa Xunta de Goberno e o Grupo de Traballo en Educación co obxecto de dar a coñecer as nosas funcións neste eido.

b.Traballo Social e SS.SS Comunitarios

Os obxectivos principais do grupo de SS.SS. Comunitarios son visibilizar as eivas e necesidades existentes neste ámbito de traballo en todos os seus aspectos (laboral, técnico...), elaborar documentos modelo para a mellora da intervención, velar polos dereitos das persoas usuarias e analizar as novidades que vaian xurdindo.

- Participación no novo modelo de pregos e ordenanza de SAF.
- Análise das posibles propostas para os programas políticos ante as eleccións autonómicas.
- Propostas de melloras ante a crise en SS.SS comunitarios motivada pola COVID-19.
- Situación Ingreso Mínimo Vital e RISGA.
- Heteroxenidade nos salarios.
- Deficiencias no uso da sinatura electrónica.
- Xuntanzas mantidas: 4.

c.Traballo social e Exercicio libre

Desde o Grupo trabállase para a visibilización e apoderamento deste sector.

- Promocionar o Exercicio libre na profesión (Proposta de publicidade da listaxe de profesionais independentes do COTS na páxina WEB, campaña en redes e no BLOG, etc).
- Contactar con Entidades para dar a coñecer servizos e esta figura (Xestorías, ANPAS, etc).
- Consideracións aos concellos respecto ás listaxes de Peritaxe.
- Elaboración de proxecto do servizo de mentorías para presentación no COTSG.
- Elaborar guía de premios, subvencións, axudas innovadoras.
- Propoñer como protocolo de actuación ante demandas de asesoramento en emprendemento: enviar guías, formación e mentoría.

d.Traballo social e SAF

- Documento "**A verdadeira cara do SAF: Problemáticas, abusos e deficiencias dun sector en auxe**" ([+info](#)).
- Documento respecto á **Xestión de SAF durante a COVID-19** ([+info](#)).

- Xuntanza do GT e COTSG co Director Xeral de **Inclusión Social**, Director Xeral de **Maiores e Persoas con Discapacidade** e o Director Xeral de **Atención Integral Socio-sanitaria**, para trasladar as eivas do Servizo de Axuda no Fogar na Comunidade Autónoma.
- Xuntanza do GT e COTSG coa Subdirección Xeral de Autorización de Servizos Sociais.

e.Traballo social e Feminismos

- **Folga 8 de Marzo**

Participación da Xunta de Goberno e do Grupo de Traballo na manifestación en Santiago de Compostela.



- **Campaña #TaménÉMachismo. Visibiliza as situacións cotiás machistas ás que se enfrontan as mulleres (+info)**

A campaña do 25N xira sobre dous eixes:

-Na difusión de vídeos de mulleres sobre as diversas violencias machistas que experimentan na súa vida cotiá

-Na visibilización dos instrumentos que faltan para avanzar neste eido.

As mulleres dos vídeos publicados pretenden dar voz a situacións individuais que son, en realidade, colectivas, pois todas nos poderemos ver representadas nelas. Queremos visibilizalas para desterrar a vergoña, o medo e a autocolpabilización.



f.Traballo social e saúde

4. EIXES ESTRATÉXICOS DE ACCIÓN

4.1 MEDIDAS ADOPTADAS POLA COVID-19

Tras as medidas adoptadas polas autoridades para a prevención do COVID – 19, o Colexio comezou a loita para paliar as situacións de risco social producidas por esta situación.

Nas nosas reivindicacións ante as institucións do Estado, sempre poñemos de manifesto a necesidade de estar ao carón das persoas. En situacións sen precedentes de grave risco sanitario, social e económico, a nosa reivindicación como profesión sempre é a mesma: non podemos deixar atrás ás persoas e aos colectivos máis vulnerables.

As accións levadas a cabo son as seguintes:

- 14 de marzo, o COTSG enviou un comunicado ás consellerías e Direccións xerais de Sanidade e Política social na que subliñan as eivas e deficiencias que derivan das medidas tomadas polo COVID-19 ([+info](#)).
- Elaboración e difusión de medidas sociais dirixidas a Administración para paliar o risco social producido por esta situación ([+info](#)).
- Creación dun buzón de incidencias (incidencias@traballosocial.gal) para que a colexiación traslade as eivas e incidencias que atopan na súa actividade laboral.
- Elaboración dunha serie de medidas e recomendacións sobre as consecuencias da Violencia de xénero derivadas da situación de aillamento ([+info](#)).
- Creación grupo de voluntariado que desexe aportar e axudar na crise socio-sanitaria, ofrecendo a nosa solidariedade ás autoridades, a outras compañeiras/os de profesión e á cidadanía.
- Comunicación e escrito enviado a Política social tras recoller a problemática detectada no Servizo de Axuda no Fogar ([+info](#)).
- Proposta da creación Teléfono de Atención social á Consellería de Política social para dar cobertura ás consultas urxentes derivadas do illamento e informar e derivar situacións de especial vulnerabilidade.
- Coordinación do COTSG coa Xunta de Galicia no Teléfono de atención Social, no que participan 36 profesionais do Traballo social da Administración autonómica.
- Seguimento de incidencias e recollida de información do Teléfono de Atención social (L-D 08.00h – 20.00h)
- Elaboración do Protocolo de actuación do Teléfono de Atención social da Xunta de Galicia ([+ info](#)).
- Escrito a FEGAMP para reforzar as plantillas de traballo social de xeito urxente para dar cobertura continua e ininterrompida aos servizos Sociais ([+info](#)).

- Escrito á Consellería de Política Social respecto á supervisión e ao reforzo imprescindible da figura da T.S tras as consecuencias socio-económicas do COVID – 19
- O COTSG alerta da Falta de Protocolos para os Servizos sociais na Fase 1 ([+info](#)).
- O COTSG participa no Plan de Reactivación asistencial en Atención Primaria en Relación coa Infección polo Virus COVID-19 ([+info](#)).
- Adhesión á Campaña da Consellería de Sanidade “Con Sentidiño”.
- O COTSG consegue implementar a figura do Traballo Social como Rastrexadoras durante a pandemia ([+info](#))
- Escrito aos Concellos de Galicia por mor do estado de Alarma ofrecendo a colaboración do Servizo de emprego en procesos selectivos
- Escrito a entidades do terceiro sector de Galicia por mor do estado de Alarma ofrecendo a colaboración do Servizo de emprego en procesos selectivos.
- Escrito ás universidades do SUG ofrecendo a colaboración do Servizo de emprego para canalizar as ofertas de emprego que puideran xurdir durante o Estado de alarma.



4.2 DEFENSA DA PROFESIÓN

a.Loita pola Titulación de Traballo social no proceso selectivo da Xunta de Galicia ([+info](#))

Realízanse diferentes reclamacións e alegacións a Función Pública e a Convocatoria.

b.Cobertura de prazas sen cubrir pertencentes á área Sanitaria de Pontevedra e o Salnés

Tras unha xuntanza mantida co COTSG o 15 de xaneiro de 2020 á Consellería de Sanidade – xerencia da área de sanidade de Pontevedra e o Salnés desenvolveu o proceso de cobertura de prazas sen cubrir de Traballo Social. As contratacións realizadas foron:

- Baixa laboral no Centro de Saúde de Marín.
- Baixa laboral no centro de Saúde Virxe Peregrina.
- Xubilación no Hospital Provincial de Pontevedra.
- Xubilación no Centro de Saúde de Lerez.
- Praza de nova creación no Centro de Saúde de Cambados.

c.Reunión mantida con Función Pública da Xunta de Galicia en relación ao proceso selectivo para o acceso a prazas de traballo social ([+info](#)).

As persoas asistentes foron José María Barreiro Díaz (director xeral de Función Pública), Subdirector Xeral de Provisión de Postos e Selección de Persoal, Antía Sobrino Bernaldo de Quirós (vicepresidenta do COTSG) e Julia Álvarez (Asesora xurídica do COTSG).



d.Reunión co Xerente da Axencia Galega de Emerxencias de Galicia (AXEGA)

Acórdase unha proposta formativa desde o COTSG para as profesionais colexiadas que podan formar parte dun grupo de voluntariado de Traballo social no operativo de Grandes Emerxencias e Catástrofes.

e.Xuntanzas cos Grupos Políticos parlamentarios Galegos ([+info](#))

O COTSG reúne-se con todos os partidos políticos que concorren ás eleccións galegas para presentarlle as medidas elaboradas desde o COTSG e todas as eivas que deben mellorar.

f.Reunión coa Dirección Xeral de Inclusión social de Galicia respecto ao Ingreso Mínimo Vital

As compañeiras de Xunta de Goberno, Ana Vilar e Miriam Rodríguez e a técnica Nerea Fernández xuntáronse con Política Social para pedir información sobre a implantación do Ingreso Mínimo e que vai ocorrer coa RISGA e as Rendas Municipais. O COTSG propuxo un modelo pioneiro e innovador de Servizos sociais onde se deixen de lado as cargas burocráticas e se poña atención na esencia do Traballo Social e a Intervención Comunitaria. Por outra banda, demandamos a creación dunha comisión que poida consensuar e reflexionar sobre un novo plantexamento dos SS.SS, plans de inclusión, RISGA, etc. Ademais, volvemos incidir na necesidade do cumprimento das ratios legais do persoal técnico e a contratación urxente e estable de traballadoras sociais ante esta crise do Covid-19.

g.Reunión coa FEGAMP respecto á implicación dos Concellos ante o IMV

h.Comunicado respecto ás trabas burocráticas que impiden ás persoas usuarias acceder ao IMV ([+info](#))

i.Presentación do documental “A Vivenda ,un ben social?”

É un documental do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia (COTSG), que contou coa subvención da Deputación da Coruña e que dirixiu a traballadora social lucense Sagrario Fernández. A parte técnica foi desenvolvida por Xosé Bocixa. A peza aborda o dereito a un fogar digno en Galicia desde a ollada do Traballo Social. Na película achéganse testemuñas de persoas usuarias e de profesionais dos servizos sociais, así como de persoas académicas e políticas ([+info](#)).

j.O COTSG solicita á Xunta de Galicia que determine unha data aproximada para realizar o exame das oposicións ([+info](#))

k.Visibilizar a obrigatoriedade da colexiación nas Administracións públicas

l.O COTSG constrúe un novo modelo de Servizos Sociais de carácter público, universal, garantista, comunitario, preventivo e descentralizado ([+info](#))



m.Reclamación á Xunta de Galicia de melloras para que as persoas en situación de vulnerabilidade poidan acceder aos bonos eléctrico e térmico ([+info](#))

n.Participación e alegacións no novo Plan de Saúde Mental 2020-2024

ñ.Consideracións do Colexio Oficial de Traballo Social ante a proposta de plan de continxencia en materia de recursos humanos (Covid-19) do sergas

o.O Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, na área de **Defensa da Profesión** en canto á protección dos dereitos dos/as traballadores/as Sociais nos procesos selectivos e á cobertura de postos nos SS.SS., durante o ano 2020:

- Interpuxo 32 recursos potestativos de reposición a convocatorias e bases de procesos selectivos para cobertura de prazas de Traballador/a Social na Administración Local.
- Presentou 14 recomendacións a diferentes Administracións sobre diferentes aspectos: cobertura postos SERGAS e Concellos, salarios Concellos.
- Fixo numerosas xestións telefónicas con Concellos para a cobertura de postos.
- Presentou 2 consultas escritas sobre a legalidade de cobertura de postos en Concellos.
- Presentou 3 reclamacións: cobertura postos xefatura territorial dependencia Coruña e xefatura traballo social áreas Lugo e Ferrol SERGAS.
- Presentou un recurso de alzada: Consellería de Facenda (FOL).

Os puntos recurridos con maior frecuencia son:

- Sistemas de selección.
- Tipoloxía da contratación.
- Titulacións non equivalentes á Diplomatura ou Grao en Traballo Social.
- Condicións laborais non dignas: salarios, temporalidade...
- Exclusión cursos COTSG nas fases de concurso.
- Non valoración do Coñecemento da Lingua Galega.
- Establecemento de requisitos subxectivos.
- Utilización dunha Linguaxe non Inclusiva.

4.3 REPRESENTACIÓN DA PROFESIÓN - RELACIÓNS INSTITUCIONAIS


a. Institucións

- Reunión do Consello sectorial de Inclusión social do Concello da Coruña
- Asistencia á presentación da **Guía de recursos da Violencia de Xénero** da Secretaría Xeral de Igualdade
- Reunión co Instituto Nacional de Peritaxe Social (INPS) para valorar a situación de Peritaxe en España
- Acto de recoñecemento da entrega das **Medallas de Ouro de Galicia 2020** Outorgado á totalidade de profesionais da sanidade galega implicados e implicadas na atención ás persoas afectadas pola Covid19.



- Homenaxe realizada polos **Colexios Sanitarios** da Comunidade Autónoma de Galicia ás **vítimas da Covid19**

A presidenta, Míriam Rodríguez lembrou que a Administración debería contar sempre coas profesións sanitarias, mesmo coas que teñen insuficiente presenza na Sanidade Pública. Tamén subliñou a necesidade de procurar “liñas de colaboración estable, participación e consenso” nas decisións de políticas sanitarias

O 28 de xullo de 2020, no Salón Nobre do Pazo de Fonseca, sede do reitorado da Universidade de Santiago de Compostela, os colexios profesionais sanitarios de Galicia renderon unha sentida homenaxe ás vítimas do covid-19.

Ante a pandemia, os profesionais da saúde cumpriron fiel e exemplarmente co seu deber deontolóxico: antepuxeron os intereses dos pacientes aos seus propios e arriscaron a súa vida -ata incluso perdela- por salvar as dos demais.

Colexio Oficial de Biólogos de Galicia • Colexio Oficial de Dermatas de Pontevedra e Ourense • Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia
 Colexio Oficial de Enfermería da Coruña • Colexio Oficial de Enfermería de Lugo • Colexio Oficial de Enfermería de Ourense
 Colexio Oficial de Enfermería de Pontevedra • Colexio Oficial de Farmacéuticos da Coruña • Colexio Oficial de Farmacéuticos de Lugo
 Colexio Oficial de Farmacéuticos de Ourense • Colexio Oficial de Farmacéuticos de Pontevedra • Colexio Oficial de Fisioterapeutas de Galicia
 Colexio Profesional de Hixienistas Dentais de Galicia • Colexio Profesional de Logopedas de Galicia • Colexio Oficial de Médicos da Provincia da Coruña
 Colexio Oficial de Médicos da Provincia de Lugo • Colexio Oficial de Médicos da Provincia de Ourense
 Colexio Oficial de Médicos da Provincia de Pontevedra • Colexio Oficial de Odontólogos e Estomatólogos da Coruña
 Colexio Oficial de Odontólogos e Estomatólogos de Lugo • Colexio de Ópticos-Optometristas de Galicia • Colexio Oficial de Podólogos de Galicia
 Colexio Oficial de Protésicos Dentais de Galicia • Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia • Colexio Oficial de Químicos de Galicia
 Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia • Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia • Colexio Oficial de Veterinarios da Coruña
 Colexio Oficial de Veterinarios de Lugo • Colexio Oficial de Veterinarios de Ourense • Colexio Oficial de Veterinarios de Pontevedra

- O COTSG participa nas xornadas da **Rede de Mulleres Veciñais Contra os Malos Tratos de Vigo** en Colaboración co Concello de Vigo: **III Xornadas Formato online Abrindo Novos camiños contra a violencia de xénero.**

PROGRAMA	
17:30h - Presentación	Dona Rosa Fontalba Pazos, Coordinadora da Rede de Mulleres
17:45h - 18:15h - Ponencias	Dona Henna Fernández: "Intervención social ante a COVID"
18:15h - 19:15h - MATREM - Madresidades Feministas Galegas.	Dona Tabela Louza Cortez, Dona Mónica Rodríguez Vilasquez e Dona Alicia Comal Mosquera: "Coidar, mulleres e coidados: Os efectos da pandemia no interior das casas"
19:15h - 20:00h - Debatos	

Reflexións sobre as distintas formas de violencia de xénero, fomentando o debate entre os colectivos. Coas xornadas foméntase o coñecemento mutuo e o traballo conxunto de toda a sociedade de cara á eliminación da Violencia de Xénero.

- Participación do COTSG nas Xornadas pola **Renda Básica Universal**, organizada polo Colexio de Educadoras e Educadores Sociais e os Colectivos cidadáns pola Renda Básica Universal.
- Asistencia ao Acto conmemorativo da consellería de sanidade con motivo do **Día Mundial da Saúde Mental 2020.**

b. Universidades


- Colaboración coa Universidade de Vigo na difusión do estudo universitario sobre a avaliación da situación do **"Acoso sexual y acoso por Razón de sexo de las y los profesionales del Trabajo social"**.
- Preparación do **Día Mundial do Traballo social** (adiado pola situación do COVID-19) en colaboración coa Universidade de Vigo e a Facultade de Traballo social de Ourense.
- O COTSG Colabora coa Universidade de Vigo para mudarlle o nome á Facultade de Ciencias da Educación para pasar a nomeala: **Facultade de Ciencias da Educación e Traballo Social.**
- Participación do COTSG nas **1^{as} Xornadas de Traballo social e Feminismos** da Escola Universitaria de Traballo Social de Galicia.



- Presentación do COTSG na Escola Universitaria de Traballo Social (EUTS) en Santiago de Compostela.

c. Intercolexiais

- Colaboración co Consejo General de Trabajo Social na celebración do homenaxe a Concepción Arenal ([+info](#))
- Xuntanza co Colexio de Educación Social para traballar conxuntamente na incorporación das figuras do Traballo social e Educación social nos Centros de Información ás mulleres.
- Colaboración co Consejo General na Difusión do estudo da Universidade de Vigo da situación do **“Acoso sexual y acoso por Razón de sexo de las y los profesionales del Trabajo social”**
- Asistencia á **Asemblea Xeral** de Unión Profesional
- O COTSG participa no [Libro Blanco das Profesións colexiadas para a Reconstrucción de Galicia ante a COVID-19](#) de Unión profesional.



Propostas das Profesións Colexiadas
para a reconstrución de Galicia
ante a pandemia da Covid19

4.4 ÁREA DE COÑECEMENTO

a. Cursos realizados

Este apartado recompila as actividades formativas levadas a cabo durante o ano 2020, así como outras actividades complementarias e/ou de apoio á formación desenvolvidas.

As actividades de formación divídense en 4 apartados:

- **Cursos de Teleformación** (Convocatoria Teleformación 2020): Desenvolvéronse 5 accións de carácter básico, non especializado, que se desenvolven na modalidade de teleformación. Teñen como obxectivo favorecer a accesibilidade á formación das persoas colexiadas a través dun sistema flexible que permite conciliar a vida laboral, familiar e formativa. Esta formación vai dirixida, principalmente, ás persoas recentemente colexiadas, tituladas ou ás que se atopan en situación de desemprego de cara a ampliar a súa formación e os posibles campos de traballo, conxugando a formación demandada a un custo asumible. En paralelo, tamén se consegue promover a participación das persoas colexiadas na práctica docente.
- **Cursos Estratéxicos:** Implementaróronse 9 cursos de formación especializada en áreas ou materias de interese profesional amplo, en modalidade semipresencial. Trala situación de crise sanitaria, iniciada en marzo de 2020, mudou a modalidade formativa e, ante a inexistencia de garantías para programar sesións de formación presencial nesta anualidade, optouse por transformar a formación semipresencial á modalidade online con sesións virtuais.
- **Pílulas formativas / Encontros Virtuais:** No ano 2020, impartíronse 8 pílulas formativas que permitiron afondar en coñecementos específicos de diversas áreas de interese para a colexiación. Adicionalmente, e a raíz da situación sanitaria motivada pola COVID-19 implementáronse 15 Encontros virtuais, concibidos como espazos de diálogo entre os e as profesionais do Traballo Social vinculados a diversos eidos de intervención co fin de compartir coñecementos, experiencias e boas prácticas.
- **Formación desenvolvida en colaboración con outras entidades:** Formación especializada subvencionada por entidades externas (Administracións Públicas, institucións ou empresas), tamén en modalidade semipresencial (reorientada a virtual). Ao longo do ano 2020, executáronse 3 accións formativas no marco de diversos convenios de colaboración:
 1. INTRODUCCIÓN Á ETICA DA INTERVENCIÓN SOCIAL | Consellería de Política Social (D.X. Inclusión) | Contrato menor para o “Curso formación Introducción á Etica da Intervención Social” (2019-2020) e coa Universidade da Coruña.
 2. XESTIÓN E COORDINACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO | Consellería de Política Social (D.X. Inclusión) | Contrato menor para o Servizo de formación especializada dirixida ao persoal dos SS.SS Comunitarios (2020-2021)
 3. ESPECIALIZACIÓN EN INTERVENCIÓN SOCIAL EN VIOLENCIA DE XÉNERO | Secretaría Xeral da Igualdade (Xunta de Galicia) | Convenio para a posta en marcha dun servizo de quenda de garda social, especializada e permanente, para mulleres e os seus fillos e fillas menores que sofren violencia de xénero.

FORMACIÓN EN CIFRAS

■ **41** accións formativas programadas, das cales:

- 38 realizadas
- 3 canceladas




■ **1.214** persoas participantes

■ **885** horas de formación impartidas

■ **82** docentes

■ **8,4** puntos sobre 10 (valoración media da formación)

Realizáronse as **5 accións formativas** previamente aprobadas na **Convocatoria de Teleformación 2020**:

 <p>Curso COTSG: Intervención con persoas con discapacidade desde unha perspectiva comunitaria</p>	<table border="1"> <thead> <tr> <th colspan="3">INTERVENCIÓN CON PERSOAS CON DISCAPACIDADE DESDE UNHA PERSPECTIVA COMUNITARIA</th> </tr> <tr> <th>Duración</th> <th>Modalidade</th> <th>Datas</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>100h</td> <td>Teleformación</td> <td>17 febreiro-15 maio</td> </tr> <tr> <th colspan="3">Docencia</th> </tr> <tr> <td colspan="3">MP Eugenia Veloso Osuna. Colexiada . Col.1693.</td> </tr> <tr> <th>Inscricións</th> <th>Participantes</th> <th>Grao satisfacción</th> </tr> <tr> <td>23</td> <td>22</td> <td>8,2</td> </tr> </tbody> </table>	INTERVENCIÓN CON PERSOAS CON DISCAPACIDADE DESDE UNHA PERSPECTIVA COMUNITARIA			Duración	Modalidade	Datas	100h	Teleformación	17 febreiro-15 maio	Docencia			MP Eugenia Veloso Osuna. Colexiada . Col.1693.			Inscricións	Participantes	Grao satisfacción	23	22	8,2		
INTERVENCIÓN CON PERSOAS CON DISCAPACIDADE DESDE UNHA PERSPECTIVA COMUNITARIA																								
Duración	Modalidade	Datas																						
100h	Teleformación	17 febreiro-15 maio																						
Docencia																								
MP Eugenia Veloso Osuna. Colexiada . Col.1693.																								
Inscricións	Participantes	Grao satisfacción																						
23	22	8,2																						
	 <p>Curso COTSG: Afrontamento de problemas de índole psicosocial en neonatoloxía</p>	<table border="1"> <thead> <tr> <th colspan="3">AFRONTAMENTO DE PROBLEMAS DE ÍNDOLE PSICOSOCIAL EN NEONATOLOXÍA</th> </tr> <tr> <th>Duración</th> <th>Modalidade</th> <th>Datas</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>50h</td> <td>Teleformación</td> <td>16 marzo-12 xuño</td> </tr> <tr> <th colspan="3">Docencia</th> </tr> <tr> <td colspan="3">Ricardo Casanova Portabales, Col. 3119 Jesica Rodriguez Czaplicki, Licenciada en Psicoloxía.</td> </tr> <tr> <th>Inscricións</th> <th>Participantes</th> <th>Grao satisfacción</th> </tr> <tr> <td></td> <td></td> <td></td> </tr> </tbody> </table>	AFRONTAMENTO DE PROBLEMAS DE ÍNDOLE PSICOSOCIAL EN NEONATOLOXÍA			Duración	Modalidade	Datas	50h	Teleformación	16 marzo-12 xuño	Docencia			Ricardo Casanova Portabales, Col. 3119 Jesica Rodriguez Czaplicki, Licenciada en Psicoloxía.			Inscricións	Participantes	Grao satisfacción				
AFRONTAMENTO DE PROBLEMAS DE ÍNDOLE PSICOSOCIAL EN NEONATOLOXÍA																								
Duración	Modalidade	Datas																						
50h	Teleformación	16 marzo-12 xuño																						
Docencia																								
Ricardo Casanova Portabales, Col. 3119 Jesica Rodriguez Czaplicki, Licenciada en Psicoloxía.																								
Inscricións	Participantes	Grao satisfacción																						
 <p>Curso COTSG: Traballo Social e Migracións</p>	<table border="1"> <thead> <tr> <th colspan="3">TRABALLO SOCIAL E MIGRACIONS</th> </tr> <tr> <th>Duración</th> <th>Modalidade</th> <th>Datas</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>100h</td> <td>Teleformación</td> <td>4 maio-27 xullo</td> </tr> <tr> <th colspan="3">Docencia</th> </tr> <tr> <td colspan="3">Saray Durán Gato, Col. nº 2767 Carlos Villar Arévalo. Licenciado en Dereito.</td> </tr> <tr> <th>Inscricións</th> <th>Participantes</th> <th>Grao satisfacción</th> </tr> <tr> <td>29</td> <td>17</td> <td>8,0</td> </tr> </tbody> </table>	TRABALLO SOCIAL E MIGRACIONS			Duración	Modalidade	Datas	100h	Teleformación	4 maio-27 xullo	Docencia			Saray Durán Gato, Col. nº 2767 Carlos Villar Arévalo. Licenciado en Dereito.			Inscricións	Participantes	Grao satisfacción	29	17	8,0		
TRABALLO SOCIAL E MIGRACIONS																								
Duración	Modalidade	Datas																						
100h	Teleformación	4 maio-27 xullo																						
Docencia																								
Saray Durán Gato, Col. nº 2767 Carlos Villar Arévalo. Licenciado en Dereito.																								
Inscricións	Participantes	Grao satisfacción																						
29	17	8,0																						



Curso COTSG: Traballo Social e Atención Integral Centrada na Persoa


TRABALLO SOCIAL E ATENCIÓN CENTRADA NA PERSOA		
Duración	Modalidade	Datas
100h	Teleformación	15 xuño-30 outubro
Docencia		
Victoria Abadía Calpena, Col. 2533		
Inscricións	Participantes	Grao satisfacción
39	36	8,4



Curso COTSG: Deseño de proxectos socioeducativos con perspectiva de xénero desde o traballo social

DESEÑO DE PROXECTOS SOCIOEDUCATIVOS CON PERSPECTIVA DE XÉNERO DESDE O TRABALLO SOCIAL		
Duración	Modalidade	Datas
30h	Teleformación	14 setembro- 19 outubro
Docencia		
Diana Morela Escobar Arias, Col. 3769		
Inscricións	Participantes	Grao satisfacción
42	42	8,0

Realizáronse **9 cursos estratéxicos**.



Curso COTSG: Intervención social con colectivos LGTBIQ. Abordaxe desde o Traballo Social

INTERVENCIÓN SOCIAL CON COLECTIVOS LGTBIQ. ABORDAXE DESDE O TRABALLO SOCIAL		
Duración	Modalidade	Datas
27h	Semipresencial	20 xaneiro-10 febreiro
Docencia		
Miguel Vieito. Licenciado en Dereito Santiago Legaspi, Col. 2506 Lorena Boquete. Graduada en Psicoloxía.		
Inscricións	Participantes	Grao satisfacción
14	13	8,8



Obradoiro de Resolución de Casos Prácticos en Traballo Social

OBRADOIRO DE RESOLUCIÓN DE CASOS PRÁCTICOS EN TRABALLO SOCIAL		
Duración	Modalidade	Datas
25h	Semipresencial / Virtual	2 marzo -22 setembro(*)
Docencia		
Ana Aldrey, Col. 789 Ana Mosquera, Col. 1138 Beira Conde, Col. 2013 María Cristina Paz, Col. 697 Mónica Rodríguez, Col. 752		
Inscricións	Participantes	Grao satisfacción
21	21	7,0



Curso COTSG: Encarceramento de mulleres e Traballo Social. Análise desde a perspectiva de xénero

ENCARCERAMENTO DE MULLERES E TRABALLO SOCIAL. Análise desde a perspectiva de xénero		
Duración	Modalidade	Datas
50h	Online	1 abril- 24 maio
Docencia		
Ana López Cano. Traballadora Social.		
Inscricións	Participantes	Grao satisfacción
32	29	8,7

ESTAR BEN PARA ACTUAR MEJOR
Autocoidado profesional na intervención social

40h
En liña
Do 8 de xuño ao 15 de xuño

Persoas colexadas en activo: 60€
Persoas colexadas en desemprego: 45€
Non colexadas/as: 90€



ESTAR BIEN PARA ACTUAR MEJOR. AUTO CUIDADO PROFESIONAL EN LA INTERVENCIÓN SOCIAL

Duración	Modalidade	Datas
40h	Online	8 xuño-22 xullo
Docencia		
David Mustieles Muñoz. Traballador Social		
Inscripcións	Participantes	Grao satisfacción
18	17	8,0

DESENVOLVEMENTO DE LÍDERES EFICACES
Aplicación práctica en equipos de Servizos Sociais

18h
En liña, a través de videoconferencia.
Do 26 de maio ao 11 de xuño de 2020

Persoas colexadas en activo: 70€
Persoas colexadas en desemprego: 65€
Non colexadas/as: 115€



DESENVOLVEMENTO DE LÍDERES EFICACES. Aplicación práctica en equipos de Servizos Sociais

Duración	Modalidade	Datas
18h	Videoconferencia	26 maio-11 xuño
Docencia		
Pablo López Licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais (Implicatum)		
Inscripcións	Participantes	Grao satisfacción
14	13	7,6

TRABALLO SOCIAL FORENSE EN PROCESOS CIVIS E PENAIS. INTERVENCIÓN CON MENORES

Traballo Social Forense en procesos civís e penais. Intervención con menores.



TRABALLO SOCIAL FORENSE EN PROCESOS CIVIS E PENAIS. INTERVENCIÓN CON MENORES

Duración	Modalidade	Datas
50h	Online con sesións virtuais	13 outubro – 13 novembro
Docencia		
Flor Redondo. Traballadora Social Forense.		
Inscripcións	Participantes	Grao satisfacción
20	18	9,5

INFORME SOCIAL. CURSO TEÓRICO-PRÁCTICO

Informe Social. Curso teórico-práctico



INFORME SOCIAL. CURSO TEÓRICO-PRÁCTICO

Duración	Modalidade	Datas
50h	Online	2 outubro-2 novembro
Docencia		
Almudena Guerrero. Traballadora Social		
Inscripcións	Participantes	Grao satisfacción
30	25	9

MARKETING E XESTIÓN DE REDES SOCIAIS APLICADO AO TRABALLO SOCIAL

50h
Modalidade: online e sesións virtuais
26 de outubro a 26 de novembro
Prezo: 30€




MARKETING E XESTIÓN DE REDES SOCIAIS APLICADO AO TRABALLO SOCIAL

Duración	Modalidade	Datas
50h	Online con sesións virtuais	Novembro (Adiado)
Docencia		
Chio Infante. Experta Marketing Dixital (Venditos Avenca Creativa)		
Inscripcións	Participantes	Grao satisfacción
--	--	--

AVALIACIÓN DO IMPACTO SOCIAL EN PROXECTOS SOCIAIS

40h, online
14 de novembro a 18 de decembro
Prezos:
Persoas colex. en activo: 130€
Persoas colex. en desemprego: 115€
Persoas non colex.: 160€

Acceso gratuito | Congreso Internacional sobre Avaliación de Impacto Social



AVALIACIÓN DO IMPACTO SOCIAL EN PROXECTOS SOCIAIS

Duración	Modalidade	Datas
40h	Online	Novembro- Decembro (Cancelado)
Docencia		
Fernando Relinque. Traballador Social (EIS Methods)		
Inscripcións	Participantes	Grao satisfacción
9	--	--

b. Pilulas formativas



DEREITOS LABORAIS EN TEMPOS DE CORONAVIRUS		
Duración	Horas	Datas
2h	Virtual	23 abril
Docencia		
Julia Álvarez, Avogada (Asesoría Xurídica COTSG)		
Inscripcións	Participantes	Grao satisfacción
55	42	8,5



VISITA GUIADA POLO MATIAS		
Duración	Horas	Datas
2h	Virtual	26 maio
Docencia		
Ana Fungueiriño, Técnica do MATIAS		
Inscripcións	Participantes	Grao satisfacción
63	41	8,5



XESTIÓN DE REDES SOCIAIS PARA O TRABALLO SOCIAL		
Duración	Horas	Datas
2h	Virtual	12 maio
Docencia		
Sara Torreiro, Xomalista (Técnica de Comunicación do COTSG)		
Inscripcións	Participantes	Grao satisfacción
70	32	7,9



OBRADOIRO DETECCIÓN E INTERVENCIÓN SOCIAL EN CASOS DE DISCRIMINACIÓN E DELITOS DE ODDIO		
Duración	Horas	Datas
2h	Virtual	7 outubro
Docencia		
Sonia Mendes, Técnica SOS Racismo		
Inscripcións	Participantes	Grao satisfacción
26	15	--



OBRADOIRO MEDIACIÓN INTERXERACIONAL: FAMILIAS CON FILLOS/AS ADOLESCENTES		
Duración	Horas	Datas
2h	Virtual	9 decembro (*)
Docencia		
UNAF- Unión Asociaciones Familiares		
Inscripcións	Participantes	Grao satisfacción
13	--	--

(*) Ao non acadar o número mínimo de 15 inscricións, a UNAF ofreceu aos colexiados/as asistir ao mesmo Obradoiro que impartiu para o Colexio Oficial de Traballo Social de Asturias.



OBRADOIRO OUTRA CARA DA VIOLENCIA DE XENERO. TRATA, PROSTITUCIÓN E EDUCACIÓN PARA A SAÚDE		
Duración	Horas	Datas
2h	Virtual	15 decembro
Docencia		
Gemma Blanco Martínez, Técnica de Intervención no Programa de Violencia de Xénero que Médicos do Mundo		
Inscripcións	Participantes	Grao satisfacción
121	63	--

c. Encontros virtuais

I Ed. ENCONTROS VIRTUAIS FALANDO DE TRABALLO SOCIAL E COVID 19		
 <p>ENCONTROS VIRTUAIS Falando de TRABALLO SOCIAL e COVID-19</p> <p>INGRESO MÍNIMO VITAL 27 de maio, de 19 a 20h</p> <p>SS COMUNITARIOS Á FRONTE DO COVID: CHOVE SOBRE MOLLADO 29 de maio, de 19 a 20h</p> <p>AUTOGOIDADADO PROFESIONAL ANTE SITUACIÓNS DE EMERXENCIA 2 de xuño, de 19 a 20h</p> <p>IMPACTO DA COVID19 EN PERSOAS SEN FOGAR 3 de xuño de 17 a 18h</p> <p>ADICCIÓNS E COVID19. INTERVENCIÓN CON PERSOAS CON ALCOLISMO E OUTRAS ADICCIÓNS CONDUTUAIS 10 de xuño de 17 a 18h</p> <p>TRABALLO SOCIAL E MEDIOAMBIENTE 16 de xuño de 17 a 18h</p> <p>MODELOS DE DEPENDENCIA TRALA COVID19 17 de xuño de 19 a 20h</p> <p>Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia</p>	Duración	1h cada encontro
	Modalidade	Virtual
Datas	27 maio-17 xuño	
Ingreso Mínimo Vital		
<ul style="list-style-type: none"> Belén Navarro. Traballadora Social, experta en Intervención social e Servizos Sociais de Atención primaria. Ana María Rodríguez. Vogal de Laboral e Comunicación-COTSG Jonathan Añón. Traballador Social. Concello de A Coruña. Moderador/a: <i>Miriam Rodríguez. Presidenta do COTSG</i> 	Data	27 maio
	Inscripcións	115
	Participantes	72
SS.SS Comunitarios e fronte á COVID 19: Chove sobre mollado		
<ul style="list-style-type: none"> Ana María Vilar. Xefa de Departamento da Concellería de SS.SS, Benestar e Igualdade do Concello de A Coruña Jesús Tato Rial. Traballador Social. Concello de Ames. Moderador/a: <i>Silvia Sanjurjo. Vogal de Formación e Comunitarios -COTSG</i> 	Data	29 maio
	Inscripcións	100
	Participantes	46
Autocoidado profesional ante situacións de emerxencia		
<ul style="list-style-type: none"> Chus Olivares. Traballadora Social, experta en Xénero e Terapia Gestalt. Moderador/a: <i>Ana María Rodríguez. Vogal de Laboral e Comunicación-COTSG</i> 	Data	2 xuño
	Inscripcións	87
	Participantes	43
Impacto da Covid 19 nas persoas sen fogar		
<ul style="list-style-type: none"> Arturo Coego, Responsable técnico de proxectos Housing First en Asociación Provienda e consultor en Reseteando. Moderador/a: <i>Miriam Rodríguez. Presidenta do COTSG</i> 	Data	3 xuño
	Inscripcións	94
	Participantes	45
Adicións e coronavirus. Interv. Social con persoas que sofren alcoholismo e outras adicións condutuais.		
<ul style="list-style-type: none"> Marisa Pardal. T.Social UTACA-Unidade Tratamento Alcol e Condutas Aditivas (A Coruña) Nuria Davila. T. Social ASVIDAL -Unidade de Alcoholismo e outras Adicións Legais (Vigo) Sonia Pico. T.Social. Unidade de Tratamento de Alcoholismo e outras Condutas Aditivas con e sen Substancias (Ferrol) Moderador/a: <i>Mapi Lema. Vogal de Formación-COTS</i> 	Data	10 xuño
	Inscripcións	102
	Participantes	43
Traballo Social e Medioambiente		
<ul style="list-style-type: none"> Marta Pernas. Traballadora Social. Asociación Sustinea. Andrea Alfaya. Traballadora Social especializada en Cultura da Paz, Dereitos Humanos, Conflitos e Educación. Moderador/a: <i>Francisco Aguiar Coordinador Grao T. Social -UVIGO</i> 	Data	16 xuño
	Inscripcións	88
	Participantes	25
Modelos de Dependencia trala COVID19		
<ul style="list-style-type: none"> Ricardo Fra. Socio Fundador / Director Técnico SARAIVA Cristina Bouzada. Traballadora social SARAIVA Moderador/a: <i>Ana María Rodríguez. Vogal de Laboral e Comunicación-COTSG</i> 	Data	17 xuño
	Inscripcións	130
	Participantes	26

II Ed. ENCONTROS VIRTUAIS FALANDO DE TRABALLO SOCIAL E COVID 19



Duración	1h cada encontro
Modalidade	Virtual
Datas	27 maio- 17 xuño

Ingreso Mínimo Vital: Reflexións tras 3 meses da súa posta en marcha		
<ul style="list-style-type: none"> Carlos Santos. Sub Xeral de SS.SS e Xestión Económica. D.X. de Inclusión Social. Cª Política Social (Xunta de Galicia) Belén Navarro. Experta en Intervención social e Servizos Sociais de A Primaria. Cristina Díaz. Traballadora Social de SS.SS Comunitarios do Concello de A Coruña. Moderadora: Ana Vilar. Vogal de Ética do COTSG e Vogal do Consejo Xeral de Traballo Social 	Data	6 outubro
	Inscricións	75
	Participantes	40
Feminización da pobreza e efectos da COVID19		
<ul style="list-style-type: none"> Sonia Mariscal Mairesles. Traballadora Social, especialista en violencia de xénero. Laura Carrasco. Presidenta Asociación Moradas. Moderadora: Silvia Sanjurjo. Vogal de Formación e Comunitarios -COTSG 	Data	8 outubro
	Inscricións	48
	Participantes	26
Traballo Social no Sistema Educativo		
<ul style="list-style-type: none"> María Ferraz. Traballadora Social na Cª de Educación do Goberno de Canarias. Moderadora: Ana María Rodríguez. Vogal de Laboral e Comunicación-COTSG 	Data	15 outubro
	Inscricións	68
	Participantes	23
Traballo Social Sanitario fronte á COVID-19		
<ul style="list-style-type: none"> Ana Isabel Guillén. Xefa do Servizo de T.Social da Área Sanitaria Santiago-Barbanza Celsa Perdiz. Xefa de Servizo de T. Social. Área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco. Beatriz Aranzazu Soto Caba. T. Social. Coord. do Servizo de T. Social da Área Pontevedra-Salnés. Moderadora: Isabel Fernández Lema. Vogal do COTSG 	Data	22 outubro
	Inscricións	83
	Participantes	50
SAF: Presente e futuro		
<ul style="list-style-type: none"> Pilar Araújo. Xefa de Servizo de Inspección de Servizos Comunitarios e Inclusión Social. Xunta de Galicia Ana Aldrey. T. Social Concello de Vedra. Patricia Fernández. T. Social. Integrante da Comisión de SAF do COTSG Sergio Troitiño. T. Social. Integrante da Comisión de SAF do COTSG Moderadora: Antía Sobrino. Vicepresidenta, vogalía laboral e comunitarios-COTS 	Data	27 outubro
	Inscricións	76
	Participantes	38
Traballo social e participación no deseño de políticas sociais		
<ul style="list-style-type: none"> Emiliana Vicente. Presidenta do CGTS. Sara Torreiro. Técnica de Comunicación do COTSG. Pepe Arias. Traballador social. Colaborador en diferentes medios de comunicación. Moderadora: Miriam Rodríguez. Presidenta do COTSG. 	Data	29 outubro
	Inscricións	66
	Participantes	23
Consecuencias da COVID19 nas persoas migrantes		
<ul style="list-style-type: none"> Daniel Bóveda. Coordinador provincial ACCEM Vigo Noelia Soto. Traballadora Social da Fundación Juan Soñador, Programa Teranga Moderadora: Silvia Sanjurjo. Vogal de Formación e Comunitarios -COTSG 	Data	3 novembro
	Inscricións	57
	Participantes	16
Traballo Social e enfoque gestáltico		
<ul style="list-style-type: none"> Covadonga Rodríguez. Traballadora social en Saúde Mental. Moderadora: Ana María Rodríguez. Vogal de Laboral e Comunicación-COTSG 	Data	4 novembro
	Inscricións	77
	Participantes	24

d. Revista Fervenzas

O COTSG ven publicando desde o ano 1997 a **Revista Galega de Traballo Social Fervenzas**, con periodicidade anual, co obxecto de promover espazos de reflexión, formación e divulgación profesional así como potenciar o rigor, a profesionalidade e o desenvolvemento teórico/práctico da profesión do traballo social.

A revista, que se publica tanto en formato de papel como formato pdf a través da web do COTSG, está dirixida principalmente á colexiación, a outros colexios profesionais e universidades, a administracións, empresas e axentes do terceiro sector, así como ás persoas interesadas en xeral, xa que se pretende achegar o quefacer do traballo social a toda a cidadanía.

Asemade, o COTSG conta cunha equipa de carácter estable, a mesa de redacción, para a revisión dos artigos, elaboración e aprobación das normas de publicación e outros documentos relativos á revista.

Para desenvolver o proceso de elaboración e publicación de Fervenzas é preciso levar a cabo unha actuación coordinada cos axentes implicados (autoras e autores interesados en publicar, mesa de redacción, responsable da revista, política lingüística e imprenta).

Os obxectivos operativos e o desglose de actividades a implementar para este fin están en liña coas fases do proceso e son as que se describen de seguido.

Cómpre sinalar que no primeiro trimestre do ano 2020 coincidiron no tempo a primeira fase de elaboración do nº 23 de Fervenzas coa última fase do nº 22, iniciada no ano 2019.

Fases do proceso de elaboración de Fervenzas

Fase I: Preparación da publicación:

- Reunión da mesa, se procede.
- Elaboración de anuncio de apertura de prazo para a presentación de traballos.
- Difusión na web e fio do anuncio de apertura do prazo e da ligazón para os autores á solicitude.

Fase II: Recepción de artigos

- Primeira revisión de cuestións formais (extensión, encaixe na sección, formato e estrutura).
- Contacto cos autores/as se procede.
- Seguemento do proceso

Fase III. Revisión Fervenzas

- Convocatoria de reunión da mesa de redacción.
- Reunión e posta en común da revisión dos textos da mesa de redacción.
- Elaboración da acta da reunión
- Envío das recomendacións contidas na acta ás autores/as para corrección ou mellora segundo as propostas da mesa.
- Recepción dos artigos modificados e envío de textos aceptados a Política Lingüística para revisión do galego.
- Envío a imprenta
- Revisión de textos en fase de maquetación previa á impresión.
- Validación previa a impresión

Fase IV. Publicación e Distribución

- Supervisión a través da plataforma dos certificados de autor/a (sinatura por parte do secretario e posta a disposición para os autores no seu sitio/perfil se son colexiados/as e seguemento do envío automático a correo da autora ou autor no caso de non colexiados).
- Preparación dos envíos para a súa distribución pola empresa
- Publicación na web do COTSG da revista en formato PDF.
- Envío dos textos a Dialnet.

CRONOGRAMA

MES	Xaneiro-Febr. /20	Marzo – Abril /20	Maió - Xuño / 20	Xullo - Agosto /	Setembro / 20	Outubro / 20	Novembro / 20	Decembro / 20	Xan.-marzo / 21
Fase I. Preparación da Publicación									
Fase II. Recepción de Artigos Fervenzas									
Fase III. Revisión Fervenzas									
Fase IV. Publicación e Distribución, Fervenzas									

1.Fase IV do nº 22 de Fervenzas.

- En marzo publicouse o nº 22 da Revista en formato papel (250 exemplares) e publicouse na web do COTSG, accesible e descargable en pdf desde a seguinte [ligazón](#).
- Envío dos certificados ás autoras e autores por email.
- Distribución dos exemplares en papel unha vez se superou o confinamento e se voltou ao traballo presencial.



2.Fases I-III do nº 23 de Fervenzas.

- Recepción, revisión e preparación dos artigos aceptados a Política Lingüística para a revista nº 23, coa previsión de que saia publicada no primeiro trimestre do ano 2021 (en proceso, falta limiar e revisión dos textos por Política Lingüística).
- Baixa de oficio de Gabriela Miño Martos como membro para a mesa de redacción, por non cumprir o requisito de colexiación ao terse dado de baixa en agosto. A baixa foi comunicada con data 13 de novembro de 2020 e non se convocou novo proceso ao non producirse vacante, xa que se admitira en reforzo da provincia de Pontevedra.
- Revisión dos artigos pola mesa de redacción, elaboración de acta e recepción dos artigos modificados (outubro-décembro).
- Envío dos artigos a Política Lingüística para revisión da lingua.(15 de decembro 2020).
- Recepción dos textos revisados por Política Lingüística e envío a imprenta (en proceso). Prevén que se remate a revisión por PL a mediados de febreiro de 2021.
- Deseño, creación e publicación na web do COTSG -Fervenzas o anuncio de apertura do prazo de presentación de artigos para publicar no vindeiro nº 24 de Fervenzas (en proceso).

e. Investigacións

-Investigacións impulsadas dende o Consejo General del Trabajo Social, cuxo cuestionario foi posto á disposición da colexiación do COTSG para que puidese colaborar nas mesmas.

- El Trabajo Social, intervención ante el COVID-19.
- Trabajo Social y adicciones.
- Efectos sobre la salud del COVID-19.

-Investigacións realizadas por colexiadas e colexiados do COTSG

- Traballo de fin de máster (TFM) sobre pornografía e violencia de xénero. O cuestionario de investigación foi aberto á participación de toda a colexiación.
- Traballo de fin de máster (TFM) sobre a influencia social da enfermidade Covid-19, entre profesionais que desenvolven o seu labor no ámbito sociosanitario e en Servizos Sociais. O cuestionario de investigación foi aberto á participación de toda a colexiación.
- Un grupo de docentes da Facultade de Traballo Social da UVigo analizaron as características laborais das e dos traballadores sociais. O cuestionario de investigación foi aberto á participación de toda a colexiación.
- Estudo sobre o acoso sexual e por razóns de sexo das/os profesionais do Traballo Social, a cargo dun grupo investigador da Universidade de Vigo. O cuestionario de investigación foi aberto á participación de toda a colexiación.
- Traballo de fin de máster (TFM) de investigación da opinión do persoal profesional do Traballo Social sobre algunhas cuestións relacionadas co modelo de atención ás persoas maiores, a atención residencial e mais a vivenda colaborativa ou “Cohousing”. O cuestionario de investigación foi aberto á participación de toda a colexiación.

4.5 ÁREA DE COMUNICACIÓN

Notas de prensa

Desde o departamento de Comunicación enviáronse 11 notas de prensa entre xaneiro e decembro de 2019. O ideal é que a institución sexa capaz de producir unha nota de prensa ao mes para ser emisor activo de información e non só unha fonte pasiva.

Enviáronse un total de 10 notas de prensa, unha menos que en 2019. A primeira delas sobre o acto de Concepción Arenal e todas as demais relativas á pandemia da Covid19.

Poden consultarse todas na sección de notas de prensa da web.

De todas elas dúas tiveron repercusión limitada: a do bono térmico e a do reproche á Xunta de obviar a parte social na volta ao colexio.

Do mesmo xeito, o Colexio actuou de fonte activa con medios de comunicación. Non foi posible establecer relación fluída con eldiario.es. Cómpre sinalar que, de volver facer unha campaña en medios sería interesante contar coa Ser e con Galicia Confidencial, xa que sempre estiveron dispoñibles para o COTSG.

Aparición en medios

As que seguen:

1. Entrevista en Praza Pública a Emi Vicente, presidenta do CGTS sobre a figura de Concepción Arenal. [\(+info\)](#)
2. Entrevista en Diario de Ferrol a Emi Vicente, presidenta do CGTS sobre a figura de Concepción Arenal. [\(+info\)](#)
3. La Voz de Galicia recolle o precario estado dos servizos sociais nos concellos e conta coa vicepresidenta, Antía Sobrino. [\(+info\)](#)
4. Nós Diario recolle a posición do COTSG sobre a necesidade de reforzar os servizos sociais coa pandemia da covid19. [\(+info\)](#)
5. A TVG entrevista á presidenta do COTSG, Miriam Rodríguez a raíz do comunicado enviado pola entidade sobre o reforzamento dos servizos sociais. [\(+info\)](#)
6. Faro de Vigo recolle a petición do COTSG á Xunta de deixar a “pasividade” e “reforzar os servizos sociais”. Consulta nesta [ligazón](#).
7. La Vanguardia recolle a petición do COTSG á Xunta de deixar a “pasividade” e “reforzar os servizos sociais”. [\(+info\)](#)
8. Europa Press recolle a petición do COTSG á Xunta de deixar a “pasividade” e “reforzar os servizos sociais”. [\(+info\)](#)
9. Galicia Confidencial recolle, nunha peza xeral sobre colectivos, a petición do COTSG á Xunta de “deixar a pasividade”. [\(+info\)](#)
10. La Región inclúe unha pequena columna coa petición do COTSG á Xunta de reforzar os Servizos Sociais coa crise da Covid19. [\(+info\)](#)
11. Xornal de Lugo recolle a petición do COTSG á Xunta de deixar a “pasividade” e “reforzar os servizos sociais”. [\(+info\)](#)
12. Ana Rodríguez intervén en Radio Nacional Española para explicar a situación e necesidades das persoas en risco de exclusión coa pandemia da covid19. [\(+info\)](#)
13. Ana Rodríguez intervén na Cadena Ser para demandar un reforzo inmediato dos servizos sociais. [\(+info\)](#)
14. La Vanguardia recolle o comunicado do COTSG alertando da falta de protocolos para os servizos sociais na fase 1. [\(+info\)](#)

15. 20 minutos reproduce o comunicado do COTSG alertando da falta de protocolos para os servizos sociais na fase 1. [\(+info\)](#)
16. Europa Press publica o comunicado do COTSG alertando da falta de protocolos para os servizos sociais na fase 1. [\(+info\)](#)
17. Galicia Confidencial faise eco da nota de prensa do COTSG alertando da falta de protocolos para os servizos sociais na fase 1. [\(+info\)](#)
18. Praza Pública faise eco da nota de prensa do COTSG na que se rexeita que sexan os Servizos Sociais quen tramiten o IMV. [\(+info\)](#)
19. El Correo Gallego faise eco da nota de prensa do COTSG co temor de que os servizos sociais colapsen se teñen que tramitar o IMV. [\(+info\)](#)
20. Galicia Confidencial faise eco da nota de prensa do COTSG na que se rexeita que sexan os Servizos Sociais quen tramiten o IMV. [\(+info\)](#)
21. Aquí Coruña faise eco da nota de prensa do COTSG na que se rexeita que sexan os Servizos Sociais quen tramiten o IMV. [\(+info\)](#)
22. GaliciaPress faise eco da nota de prensa do COTSG na que se rexeita que sexan os Servizos Sociais quen tramiten o IMV. [\(+info\)](#)
23. Ana Vilar participa nunha reportaxe en profundidade sobre o estado das persoas usuarias dos centros de día coa Covid19. [\(+info\)](#)
24. Praza Pública recolle o rexeitamento do COTSG aos bonos de 250€ emitidos pola administración de Feijóo. [\(+info\)](#)
25. El País recolle, nunha peza xeral, o rexeitamento do COTSG aos bonos de 250€ emitidos pola administración de Feijóo. [\(+info\)](#)
26. Europa Press recolle, nunha peza xeral, o rexeitamento do COTSG aos bonos de 250€ emitidos pola administración de Feijóo en contraposición ao cluster de turismo. [\(+info\)](#)
27. Galicia Confidencial recolle o rexeitamento do COTSG aos bonos de 250€ emitidos pola administración de Feijóo. [\(+info\)](#)
28. 20 minutos recolle o rexeitamento do COTSG aos bonos de 250€ emitidos pola administración Feijóo. [\(+info\)](#)
29. GaliciaPress recolle o rexeitamento do COTSG aos bonos de 250€ emitidos pola administración de Feijóo en contraposición ao cluster de turismo. [\(+info\)](#)
30. La Vanguardia recolle a petición do COTSG á Xunta para ser rastrexadores da Covid19. [\(+info\)](#)
31. Europa Press recolle a petición do COTSG á Xunta para ser rastrexadores da Covid19. [\(+info\)](#)
32. Nós Diario recolle a petición do COTSG á Xunta para ser rastrexadores da Covid19. [\(+info\)](#)
33. Xornal de Lugo recolle a petición do COTSG á Xunta para ser rastrexadores da Covid19. [\(+info\)](#)
34. Galicia Confidencial recolle a petición do COTSG á Xunta para ser rastrexadores da Covid19. [\(+info\)](#)
35. Reportaxe en profundidade de La Opinión sobre o traballo social como figura clave para o rastrexo. [\(+info\)](#)
36. La Opinión fala coa colexiada Marisé Fernández co gallo do documental A Vivenda un ben social?. [\(+info\)](#)
37. Galicia Confidencial recolle a nota de prensa do COTSG na que a institución se “lamenta de que a Xunta obvie a parte social na volta ao colexio”. [\(+info\)](#)

38. Aquí Coruña publica a nota de prensa do COTS na que pide á Xunta que non obvie a parte social na volta á escola. [\(+info\)](#)
39. Entrevista en profundidade a Ana Vilar, na Cadena Ser, sobre o estado do trámite do IMV. [\(+info\)](#)
40. Ana Vilar participa nunha peza en profundidade de Nós Diario sobre as carencias do SAF.
41. Entrevista a Silvia Sanjurjo sobre o bono eléctrico na COPE. [\(+info\)](#)
42. La Opinión de A Coruña publica as reclamacións do COTSG en relación co bono eléctrico. [\(+info\)](#)
43. Silvia Sanjurjo participa nunha reportaxe en profundidade de Nós Diario sobre bancos de alimentos. [\(+info\)](#)
44. Silvia Sanjurjo e Miriam Rodríguez participan nunha reportaxe da Cadena Ser sobre as voces da emerxencia social. [\(+info\)](#)
45. Antonio Doval participa nunha peza de La Voz sobre o papel das e dos traballadores sociais durante a pandemia da covid19. [\(+info\)](#)

Cómpre subliñar que, agás a nota de prensa sobre o retroceso galego en relación co resto do Estado no tema sanitario, todas as demais apareceron reflectidas en medios de comunicación. Ademais moitas delas tiveron repercusión en medios máis tradicionais e en medios alternativos, o que supón unha emisión de mensaxe que resulta interesante para liñas editoriais diferentes. No 2019 o COTSG tivera unhas 25 aparicións en medios, polo que a medra dos datos é positiva para a entidade.

Artigos de opinión da colexiación dos que o COTSG se fixo eco

- Belén Iglesias, en El Progreso: [Facer Traballo Social en tempos de Covid19.](#)
- Sagrario Fernández, en Praza Pública: [Por un minifundio para as persoas maiores.](#)
- Xoan Lombardero, en Praza Pública: [A escolaridade no cuarto.](#)
- Ana Rodríguez, en Praza Pública: [A crise da covid19 e a batuta invisible das mulleres nos coidados.](#)
- Sagrario Fernández en Praza Pública: [A vivenda, o principal factor de exclusión social.](#)

Reclamacións a medios de comunicación

- [Reclamación a La Región por confundir o termo traballadora social con auxiliar a domicilio](#)
- [Reclamación a La Voz de Galicia por uso indebido do termo “traballos sociais”](#)

Ambas reclamacións foron enviadas tamén ao Colexio Oficial de Xornalistas de Galicia co obxectivo de que manteñan a súa función de vixilancia sobre os medios de comunicación galegos. Do mesmo xeito, solicitouse a ambos medios a rectificación do contido e recomendóuselles asumir o seu código deontolóxico así como consultar guías que existen para mellor uso da terminoloxía como, por exemplo, a editada por este propio colexio.

O blog do COTSG

O Blog é un espazo para reflexións da colexiación e entrevistas a docentes e persoas colexiadas. Entradas do 2020:

- S. Legaspi: [“As e os traballadores sociais somos axentes de cambio e é unha responsabilidade incorporar coñecementos en materia LGTBIQ á nosa práctica profesional”](#)
- M.Carro: [“As e os profesionais do sector descoñecen que obrigas fiscais contraen ao desenvolver unha actividade”](#)
- Equipo de Comunicación: [Películas e series para pasar os festivos na casa](#)
- Pablo López e Adriana Hermida: [“A ou o traballador social fomenta os recursos e capacidades de persoas que son obxecto da súa intervención profesional”](#)
- Belén Navarro: [“Nos servizos sociais a mirada da traballadora social debe ser experta en comprender”](#)
- María Ferraz Dobarro: [“O Traballo Social ten que estar presente en todos os sistemas de benestar porque a nosa profesión non está só vinculada aos Servizos Sociais”](#)
- Gemma González Pendás: [“Unha intervención a tempo desde o Traballo Social pode evitar a psiquiatrización”](#)
- Chus Lago: [“É fundamental implementar o acompañamento en procesos de duelo”](#)
- María Vilela Ferro: [“O Programa Pensium é unha solución para pagar os coidados asistenciais a aquelas persoas maiores dependentes con ingresos insuficientes”](#)
- Fernando Relinque Medina: [“O traballo social é a profesión idónea para a Avaliación de Impacto Social”](#)
- Patricia Fernández: [“O SAF creouse para un fin, pero nalgún punto do camiño foise deteriorando”](#)

Todas estas entradas difundíronse no facebook, twitter e instagram do Colexio e tiveron unha boa resposta interaccional. Debe proseguirse na liña de entrevistar e/ou visibilizar no blog temas de interese para a profesión: sanitario, paliativos, xénero, lgtbi, libre exercicio, emerxencias, etc.

Resumos mensuais

Desde o departamento de Comunicación, en colaboración con Coordinación, Emprego, e Formación elabórase un resumo mensual no que queda constancia das actividades desenvolvidas polo equipo de persoas traballadoras do COTSG e pola Xunta de Goberno. Dito resumo envíase no fío semanal de fin de mes.

Mailchimp

- Elaboración e envío do mailchimp semanal.
- Envío de cuestións concretas de formación e emprego durante a semana.

Facebook

- Difusión de novas autoreferencias e non autoreferenciais pero de interese para a colexiación
- Elaboración de creacións específicas para datas concretas: mutilación xenital feminina, 14 de febreiro sobre amor non romántico, día de Rosalía, 8M, Día Mundial do Traballo Social, Día Mundial da Saúde, Día do Libro, Letras Galegas, Black Lives Matters, San Xoán, 25 de Xullo, Día contra a Trata, Día Mundial para a Prevención do Suicidio, Día Mundial das Profesións, Día Mundial do Hábitat, Día da Muller Rural, Día Mundial do Cancro de Mama, Día da Infancia. En 2019 foron máis os días internacionais ou mundiais para os que se fixo creación. No caso de 2020 esta faceta quedou moi opacada pola covid.
- Pack de creacións para explicar o labor do traballo social en tempos de crise.
- Pack de creacións para explicar a función do traballo social educativo.
- Pack de creacións para desmitificar o amor romántico.
- Pack de creacións sobre traballo social e muller para o 8M.
- Edición de vídeo e audio para adaptalo a esta rede social.
- 2020 destacou por un alto número de contidos relacionados coa covid19: provintes do Consejo, doutras administracións ou do propio colexio.
- Campañas concretas:
- Sensibilización sobre a conciliación (4 publicacións).
- Campaña do 25 de novembro.
- O engagement do facebook do Colexio é bo. De media oscila entre 1000 e 2500 persoas, se ben hai post que superan amplamente iso.

Cómpre sinalar que funcionan especialmente ben: entrevistas a compañeiras/os de profesión, as creacións de días, e a defensa da profesión. Cando as campañas se alongan demasiado (como a do 25N) dan sintoma de cansanzo, xa que, co paso das publicacións, o interese vai decaendo.

Creacións





Detección da poboación en risco e prevención de situacións de emerxencia ou gravidade mediante a cobertura das necesidades máis básicas



Twitter

Funciona dun xeito correcto como ferramenta autorreferencial entre colexios e colexiación. Cómpre mellorar na frecuencia de actualización de cara a 2021.

Instagram

O COTSG creou o seu perfil o 5 de xullo. Na actualidade conta con 921 seguidores, fronte aos 550 de 2019, a gran maioría nun rango de idade entre os 20 e os 35 anos e que están a responder moi ben e de xeito moi dinámico ao contido publicado. É importante, polo tanto, seguir a perseverar nesta rede.

Fío Semanal

O departamento de Comunicación coordina, xunto coas demais áreas e a vogal de Comunicación de Xunta de Goberno, o envío dun fío semanal á colexiación no que se recolle información e novas relacionadas coa entidade e de interese para a profesión e as novidades de formación e emprego.

Deseños

O departamento de Comunicación vense ocupando de todas as tarefas de deseño do COTSG (algunhas xa especificadas nas redes sociais). Merchandaising feito:

- Axendas 2021.



- Bolsas 8M.



- Deseño do material requerido polo grupo de TS e Educación.
 - Deseño da maqueta do Xornal do COTSG.
 - Deseño da maqueta do dossier: Galicia 2020: Obxectivo Social.
 - Deseño e maquetación de toda a cartelería do COTSG.
 - Deseño da campaña de recoñecemento ás e aos traballadores sociais.
- A área de Comunicación foi a encargada de fornecer de orzamentos e facer a es-
colla (en cooperación coa área implicada) do material.

Outros

- Posta en marcha e resolución do I Concurso de Fotografía Social do COTSG
- Coordinación, xunto coa presidenta, Miriam Rodríguez, de Obxectivo 2020: Galicia Social. Nesta actividade unha mesa de traballo elaborou un documento de propostas para os partidos políticos galegos que se presentaron ás eleccións galegas e que, posteriormente se presentaron coa colaboración da coordinadora, Nerea Fernández.



- Creación dun vídeo empoderante para as e os traballadores sociais na situación de sobrecarga na que se atoparon por mor da pandemia da covid19. [\(+info\)](#)
- Elaboración dun comunicado con motivo do Día do Orgullo.
- Impartición da pilula de traballo social e redes sociais.
- Participación como poñente no encontro de Traballo Social e Política.

Asistencia a actos

- A responsable de Comunicación asistiu e cubriu o acto de Concepción Arenal.
- O departamento de Comunicación asistiu a Bruxelas, canda a técnica Nérea Fernández para falar da Quenda contra a Violencia de Xénero.
- A responsable de Comunicación asistiu e cubriu a manifestación do 8M.
- A responsable de Comunicación asistiu á Asemblea Xeral.

5. PREMIOS E CELEBRACIÓNS



- Posta en marcha do concurso de “Fotografía social” co ánimo de promover e difundir o eido social en Galicia [+info](#).
- Celebración dos 200 anos de Concepción Arenal nun Acto-homenaxe en Colaboración co Consejo Estatal de Trabajo Social [+info](#)
- Acto conmemorativo do 200 aniversario do nacemento de Concepción Arenal que tivo lugar no Pazo de María Pita (Sala Dourada) na Coruña que organiza o Consejo General del Trabajo Social e o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia.



- Presentación da Quenda de Garda social especializada e permanente en Violencia de Xénero no Parlamento Europeo – Bruselas.
- O Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia gaña o Premio de “boas Prácticas” do Consejo General de Trabajo Social para acudir ao Parlamento e presentar o proxecto.



6. CONVENIOS DE COLABORACIÓN

QUENDA DE GARDA SOCIAL

No ano 2020, o Colexio de Traballo Social de Galicia asinou un convenio de colaboración coa Vicepresidencia e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para a posta en marcha dun servizo especializado de Quenda de Garda Social Permanente para mulleres vítimas de violencia machista, os seus fillos e fillas menores e persoas dependentes ao seu cargo.

O obxectivo do 2020 foi crear estratexias eficaces de difusión do programa para unha correcta activación.

Actividades realizadas:

-INTERVENCIÓNS

- a. A Quenda conta con 115 profesionais en activo distribuídas por toda a comunidade autónoma galega
- b. Non se activa o servizo no 2020

-REUNIÓNS INFORMATIVAS

- a. Desenvolverase un curso formativo especializado para as e os profesionais que forman parte da Quenda e aquelas profesionais que queiran formar parte.

-ACTIVIDADES DESENVOLTAS POR COORDINACIÓN

- a. Elaboración do novo protocolo e Regulamento de réxime interno, os modelos de documentos de traballo e toda a recollida de información durante todo o proceso co seu adecuado seguimento.
- b. Actualización das Quendas cunha frecuencia quincenal.
- c. Reunións coa Secretaría Xeral para concretar estratexias de difusión e aspectos de mellora do servizo

PROXECTO PRO.VI – PROTECTING VICTIM RIGHTS

Colaboración para contribuír a mellorar a atención integral das mulleres e das súas fillas e fillos que sufren violencia de xénero.

(Secretaría Xeral de Igualdade, Colexio de Psicoloxía, Colexio de Educadores e Educadoras, Ilustre colexio de avogacía de A Coruña, Asociación Consensus).

Formación desenvolta en colaboración con outras entidades: Formación especializada subvencionada por entidades externas (Administracións Públicas, institucións ou empresas), tamén en modalidade semipresencial (reorientada a virtual). Ao longo do ano 2020, executáronse 3 accións formativas no marco de diversos convenios de colaboración:

1. INTRODUCCIÓN Á ETICA DA INTERVENCIÓN SOCIAL | Consellería de Política Social (D.X. Inclusión) | Contrato menor para o “Curso formación Introducción á Etica da Intervención Social” (2019-2020) e coa Universidade da Coruña.
2. XESTIÓN E COORDINACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO | Consellería de Política Social (D.X. Inclusión) | Contrato menor para o Servizo de formación especializada dirixida ao persoal dos SS.SS Comunitarios (2020-2021)
3. ESPECIALIZACIÓN EN INTERVENCIÓN SOCIAL EN VIOLENCIA DE XÉNERO | Secretaría Xeral da Igualdade (Xunta de Galicia) | Convenio para a posta en marcha dun servizo de quenda de garda social, especializada e permanente, para mulleres e os seus fillos e fillas menores que sofren violencia de xénero.

7. SUBVENCIONS RECIBIDAS

7.1 ADOPCIÓN E IMPLEMENTACIÓN DE FERRAMENTAS DE DIXITALIZACIÓN E MELLORA DO TELETRABALLO PARA AFRONTAR CAMBIOS DERIVADOS DA CRISE COVID19 NO ENTORNO LABORAL DO COTSG (IGAPE)

Importe da subvención: 5.929,19 €.

Gasto total: 7.411,49 €

- Sistemas de control de presenza:
Instalación de sistema de videovixiancia.
Sistema de fichaxe horario online a través da ferramenta FACTORIAL.
- Integración de comercio básicos: tenda online.
- Equipamento informático. Tres equipos de sobremesa e tres portátiles.
- Solucións de atención remota. Portal de sinaturas (plataforma web para a xestión online do fluxo documental dos arquivos a asinar, xunto cun repositorio de documentos).
- Solucións de conectividade. Escolleuse Zoom como ferramenta para reunións, de persoal, de Xunta de Goberno, Grupos de Traballo, e Formación.

7.2 FOENIA - CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCIONS DIRIXIDO A ENTIDADES PARA INVESTIMENTOS DE PROMOCIÓN ECONOMICA, DURANTE O ANO 2020 (DEPUTACIÓN DA CORUÑA)

Importe da subvención: 15.920,50 €.

Gasto total: 19.900,63 €

- Adaptación de aseos sede COTSG para persoas usuarias con mobilidade reducida.
- Subministro e instalación carpintería de aluminio con RPT e acristalamento tipo climalit e vidro de seguridade..
- Mobiliario auxiliar.
- Subministro e instalación puntos de luz.
- Equipos para procesos de informacion.

8.SERVIZOS COLEXIAIS



8.1 POR QUE COLEXIARSE?

- Formar parte dun colectivo que apoia os intereses profesionais, fomenta a solidariedade profesional e promove o progreso e o prestixio do Traballo Social.
- Formación especializada certificada polo Colexio profesional con grandes vantaxes no prezo.
- Asesoría Xurídica gratuíta.
- Acceso a conta de correo profesional propio. Colaboración con Consejo General de Trabajo Social.
- Dedución da cota colexial na declaración do IRPF, sempre que se exerza a profesión.
- FÍO SEMANAL: todas as semanas remítese á colexiación a través de email: Información sobre Traballo social, actividades e información do Colexio, accións formativas, ofertas de emprego e resumo de novas de actualidade sobre diferentes áreas de intervención do Traballo Social.
- Incorporación ás Listaxes profesionais (Expertas, Docencia, Peritaxe social e Mediación. Colaboración con Unión profesional.
- Asesoramento, información e apoio Profesional.
- Convenios con entidades e empresas para ofrecer descontos en diferentes servizos a persoas colexiadas (pólizas colectivas de seguros como sanidade, fogar ou responsabilidade civil profesional).
- Participar na estrutura colexial a través das Asembleas Xerais, Xunta de Goberno, grupos de traballo e comisións formadas por profesionais expertos e expertas en diversos sectores.
- Dispoñibilidade de uso dos espazos e materiais do COTSG.
- Dereito de acceso a todos os servizos do COTSG (formación con descontos para persoas colexiadas, préstamo de fondos bibliotecarios, envío de publicacións e comunicacións periódicas de novidades informativas...).


8.2 ASESORÍAS

- Servizo de Asesoría Xurídica Gratuíta
- Servizo de información laboral
- Información na páxina WEB e semanalmente –FÍO– das ofertas de emprego para profesionais do Traballo social
- Consultoría Protección de Datos



8.3 TECNOLOXÍA

- Posta en Marcha do novo Software para optimizar o Sistema de Xestión cara a colexiación.
- Mellorar a páxina WEB para un áxil e operativo funcionamento para as persoas colexiadas
- Dotar ao COTSG de medios electrónicos adecuados para a realización de reunións telemáticas cos diferentes axentes sociais.



Máis de 70 persoas colexiadas e precolexiadas participaron de forma online no Encontro Virtual sobre o Ingreso MínimoVital o 27 de maio de 2020.

8.4 BIBLIOTECA

O COTSG dispón dun catálogo literario para as profesionais do Traballo Social.



Sede do COTSG na Rúa de Dublín, 6 (Santiago de Compostela)





Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia